



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO PÚBLICO
INTEGRADO de
COVA TERREÑA

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona
Tlf: 886 12 00 01 Fax: 88612 00 09
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena>



PLAN DE LECTURA

Curso 2025/26

Índice

1 OBXECTIVOS	3
1.1 Educación Infantil:	3
1.2 Educación Primaria:	3
1.3 Educación Secundaria	5
2 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	5
3 LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.	7
4 ACTIVIDADES	8
4.1 Actividades semanais:	8
4.2 Actividades programadas e temporizadas:	9
4.3 CLUB DE LECTURA:	9
4.4 Banco de actividades:	10
4.5 Actividades para ler en familia:	10
5 RECURSOS	10
6 AVALIACIÓN	11
7 ANEXO: LECTURAS POR NIVEIS	12
7.1 Infantil:	12
7.2 Primaria	13
7.3 Secundaria	14

O Plan de Lectura concreta os obxectivos e accións para o curso 2025-2026, destacando o fomento da lectura e a mellora da competencia lectora.

1 OBXECTIVOS

Dado que o noso centro é un CPI, dividimos os obxectivos atendendo ás distintas etapas educativas.

1.1 EDUCACIÓN INFANTIL:

- Potenciar a atención do alumnado e o interese pola lectura.
- Mellorar a percepción visual para recoñecer os distintos grafemas.
- Coñecer a palabra e a representación gráfica en maiúscula de palabras sinxelas.
- Coñecer novo vocabulario.
- Acadar o gusto pola lectura.

1.2 EDUCACIÓN PRIMARIA:

Nesta etapa o plan lector debe garantir no só a aprendizaxe da lecto-escritura senón que tamén debe servir como instrumento de mellora da competencia lectora. A lectura cumpre así dúas funcións:

- A lectura como instrumento de aprendizaxe.
- A lectura para o tempo de lecer.

1º e 2º nivel:

1. Acadar o dominio da lecto-escritura.
2. Implicar ás familias no obxectivo da aprendizaxe da lecto-escritura.
3. Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto de biblioteca
4. Utilizar os recursos da biblioteca escolar, o que contribuirá a actualizar os seus fondos.

5. Iniciar ao alumnado no coñecemento da Biblioteca.
6. Utilizar libros de consulta sinxelos.
7. Facilitar libros atractivos e que motiven o seu emprego.
8. Coñecer as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.

3º e 4º nivel:

1. Fomentar o gusto pola lectura.
2. Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica todas as áreas e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co profesor ou individualmente, en dramatización ou en recitais, etc.
3. Potenciar o hábito lector.
4. Mellorar a comprensión lectora.
5. Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita e como estímulo do espírito crítico para contribuír ao crecemento persoal do alumnado.
6. Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo cotián respondendo ás características e necesidades propias de cada materia.
7. Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
8. Ler oralmente con entoación, ritmo, pausa e expresividade.
9. Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora do alumnado.
10. Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto de biblioteca.
11. Utilizar os recursos da biblioteca escolar tanto para traballos escolares empregando o libro de consulta coma instrumento de dinamización.
12. Dinamizar e axudar á procura de fondos para a biblioteca escolar.
13. Coñecer as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.

5º e 6º nivel:

En 5º e 6º nivel deberase traballar cos obxectivos do 3º e 4º nivel, sobre todo no referente a comprensión lectora e o emprego da Biblioteca:

1. Desenvolver capacidades que lles permitan aos alumnos lograr unha lectura fluída e comprensiva de acordo coa súa idade.
2. Proporcionar estratexias que permitan reducir o esforzo e facilitar a lectura.
3. Estimular producións escritas que sexan resultado dunha lectura agradable e divertida.
4. Realizar distintas actividades de animación lectora.
5. Afondar na procura de información empregando o libro informativo e comezando a coñecer e usar a CDU simplificada.
6. Empregar recursos informáticos e multimedia para o traballo da aula.
7. Coñecer as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.

1.3 EDUCACIÓN SECUNDARIA

1. Afianzar o hábito lector.
2. Fomentar o gusto e desfrute pola lectura.
3. Afondar na comprensión lectora, permitindo interpretar textos máis complexos.
4. Espertar un sentido crítico para poder valorar as lecturas realizadas, tanto en prensa como en obras literarias, divulgativas ou informativas.
5. Manexar a bibliografía para obter información axeitada, comprendendo a distribución dos libros segundo a CDU.
6. Aplicar as normas básicas de comportamento na Biblioteca do centro.

2 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Os libros atópanse distribuídos nunha serie de **espazos**:

- ✓ A propia Biblioteca.
- ✓ Na Sala de Profesores habilitouse un espazo, “*O recuncho de Lentiña*” no que se expoñen libros temáticos ou de interese para o noso labor docente. Estas obras poden ser collidas en préstamo, en condicións análogas aos libros da Biblioteca.
- ✓ En Educación Primaria, aquelas aulas que así o soliciten poderán ter unha selección de libros segundo as características do alumnado, escollidos dos fondos que se atopan en depósito. Con motivo das obras de reforma da biblioteca, habilitaranse bibliotecas específicas nas aulas, con xestión interna por parte das persoas titoras, para atender os tempos de lectura mentres a biblioteca permaneza pechada.
- ✓ En Educación Secundaria, a biblioteca de aula fórmase con libros que o noso equipo se encarga de cambiar segundo as necesidades. Compóñense unhas caixas con lecturas para ser empregadas en casos excepcionais. Tamén se fornece con exemplares das lecturas de titoría aos cursos de 3º e 4º ESO.

Os **tempos** de lectura estipulados son os seguintes:

- Hora de ler: toda a Ed. Primaria leva a cabo a hora de ler durante 20 minutos dentro do espazo da propia aula e empregando libros da biblioteca ou que traian da casa. Este período levarase a cabo ás 11h20. En Ed. Secundaria tamén contamos con *Hora de ler*. En 1º e 2º da ESO é unha sesión fixa a cargo do Departamento de Lingua e Literatura Castelá e Galego respectivamente. En 3º e 4º da ESO a hora de ler será diaria, con 15 a 20 minutos de lectura dirixida e compartida. O tempo e lectura cambiará de franxa cada semana, incidindo desta maneira en todas as sesións. Cada obra escollida será traballada en sesións de titoría. Por outra banda, Biblioteca escolar oferta unha “caixa de lectura” para cada curso para o seu uso excepcional. Nesta caixa existe unha oferta de títulos de distintos xéneros literarios.
- Visita á biblioteca: cada titoría de Ed. Infantil e Primaria disporá dunha sesión semanal para acudir á biblioteca. Estas sesións son publicadas para todo o profesorado para respectar os horarios de cada curso escolar. No caso da etapa de Secundaria, os alumnos poderán visitar a Biblioteca todos os recreos e nas sesións reservadas polo profesorado que desexe realizar actividades na mesma, respectando as sesións xa asignadas ás outras etapas educativas.

Así mesmo, a Biblioteca do centro abrirá os martes, mércores e xoves lectivos en horario vespertino de 16h a 18h, podéndose realizar préstamos e devolucións de libros, ademais da consulta en sala dos fondos.

3 LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

Darase unha importancia prioritaria á lectura pois é a base para a comprensión en todas as áreas do currículo. Para a nosa biblioteca é importante o desenvolvemento da vida cotiá sen esquecer aspectos relacionados coa ampliación do vocabulario, desenvolvemento da expresión oral e escrita, mellorar a ortografía así como o aspecto gratificante que implica o goce de ler.

Intentarase despertar no alumnado o interese pola lectura, empregando estratexias de animación axeitadas ás súas características. Basearémonos nun tratamento global da lectura, entendéndoa como un ámbito que vai máis alá das áreas das linguas para abranguer todas as competencias.

Para este curso 2025-2026 expoñemos distintas e variadas actividades que permitan abranguer todos os aspectos fundamentais da lectura e relacionadas coa mesma. De xeito máis concreto as actuacións prioritarias nesta etapa son as seguintes:

A lectura como fonte de aprendizaxe:

O obxectivo fundamental será o afondamento na procura de información mediante o manexo de diferentes documentos e fontes.

Para a realización destas actividades empregaranse recursos textuais, así como informáticos, polo que deberán dominar instrumentos de recuperación da información coma Internet, blog da Biblioteca... para a súa posterior análise e reflexión sobre os distintos datos manexados, como se fará o 11 de febreiro, Día Internacional da muller e a nena na Ciencia. Con esta medida preténdense acadar con éxito os proxectos de investigación propostos.

Levaranse a cabo buscas do tesouro nas que o alumnado terá que recabar información de diferentes fontes para responder unhas cuestións, relacionadas co lema do centro *A cova dos mitos*.

Fomento da lectura.

En calquera etapa, o labor de animación á lectura debe ser un conxunto de accións tendentes a favorecer o acercamento do alumnado aos libros de maneira que afiance o seu gusto pola lectura.

Compensación das desigualdades sociais e atención á diversidade.

Ao comezo do curso reúnen os distintos departamentos e niveis e decídese a compra daqueles fondos que son de utilidade para o desenvolvemento das actividades da aula. Este gasto asumirase a cargo dos fondos da biblioteca, mercando varios exemplares (sempre que sexa posible) para poder ofertar este material ao alumnado con menos recursos económicos.

En canto á atención á diversidade, os Departamentos de Orientación, en coordinación cos mestres/as tutores/as e o profesorado de apoio, realiza unha selección dos materiais máis adecuados para o noso alumnado. Este material será empregado polo titor/a, para a súa formación ou consulta ou tamén como material de traballo para o alumno/a.

4 ACTIVIDADES

O verdadeiro sentido deste traballo debe posibilitar o salto cualitativo de “saber ler” a “querer ler”.

Para acadar este obxectivo pretendemos levar a cabo as seguintes tarefas:

4.1 ACTIVIDADES SEMANAIS:

Como actividade sistemática, contamos coa HORA DE LER, xa comentada con anterioridade.

4.2 ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

- Saída a biblioteca municipal de Baiona co alumnado de 1º ESO na primeira avaliación.
- Contacontos en datas sinaladas para os niveis de Ed. Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria.
- Visita de diferentes autores/as e persoas relacionadas coa edición dos libros, para todos os niveis educativos.
- Lecturas compartidas con padriños e madriñas lectoras de cursos superiores que len aos afillados dos cursos inferiores, o 11 de novembro e o 23 de abril.
- Decoración de Samaín e Nadal, entre outros, con concurso de relatos de medo.
- Concurso ortográfico, de poesía e Reto Lector (*Percy Jackson y el ladrón del rayo*).
- Actividades para a semana do libro: Resolución do concurso de ortografía, familias contacontos, lectura compartida, etc.
- Organización dun recuncho dedicado a cada conmemoración na que participa o centro (Samaín, Nadal, 8M, Rosalía de Castro, Día da Educación, Día do libro, Letras Galegas...) e actividades relacionadas, como a escrita de postais de nadal.

As diferentes actividades estarán supeditadas á realización das obras de ampliación da biblioteca.

4.3 CLUB DE LECTURA:

No curso 2025-2026, ao abeiro da convocatoria de Bibliotecas Escolares, pónense en funcionamento clubs de lectura na etapa da ESO, coordinados pola profesora de Ed. Secundaria, Iria Chapela Malvido. Tamén se forma de novo o club de lectura de adultos.

Tentarase facer unha reunión cada trimestre para comentar os libros que estean a ser lidos. Estas reunións son aproveitadas para falar das tramas, lugares e anécdotas que xorden de cada lectura.

Os libros lidos no curso pasado foron:

1º e 2º ESO:

- *A folla azul*, de Andrea Maceiras.
- *Segredos no solpor*, de Iria Misa.

Adultos:

- *O amante expresionista*, de Álex Mene.
- *Tras do ceo*, de Manuel Rivas.

4.4BANCO DE ACTIVIDADES:

- Promover a lectura de prensa.
- Deseñar novas actividades de animación á lectura aproveitando a celebración de distintas conmemoracións como o Samaín, Nadal, Entroido... As nosas mascotas, os sapoconchos Lentiña, Cova e Terreña axudarannos neste cometido.
- Deseñar actividades que permitan empregar diversos recursos (vídeos, páxinas web, películas, prensa, etc.) para relacionar os contidos que se imparten na aula coa realidade que viven os nosos alumnos/as.
- Presentación de libros e panel de recomendacións
- Facer lecturas con diferentes técnicas: lecturas compartidas, lectura silenciosa...
- Selección de distintos textos para levar a cabo actividades a nivel de etapa.

4.5ACTIVIDADES PARA LER EN FAMILIA:

- Lectura de libros recomendados para o Nadal.
- Os libros de empréstito poden ser lidos en familia.
- Formación ás familias sobre contacontos, selección de materiais axeitados, etc.

5 RECURSOS

Contamos coa implicación de todo o claustro na coordinación das actividades que realizarán todos os responsables encargados da biblioteca e, en especial, a colaboración dos titores e titoras. Os actores principais sempre son o alumnado, que participará de forma activa durante todo o curso escolar.

Canto aos recursos materiais contamos con:

1. Taboleiros de información onde se ofrecen as novidades adquiridas pola biblioteca e con presenza na mesma.

2. Fondos bibliográficos da biblioteca.
3. Dotación anual para a adquisición de novidades editoriais.
4. Blog da biblioteca.
5. Publicacións periódicas (revistas, bandas deseñadas...)
6. Materiais multimedia.
7. Materiais de animación á lectura que editan especificamente algunhas editoriais.

6 AVALIACIÓN

O plan de Fomento á Lectura será revisado e actualizado anualmente. Ao rematar o curso a comisión realizará unha memoria do mesmo.

A avaliación permítenos coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos marcado nun principio. Os diferentes titores de nivel e os distintos Departamentos incluírán nas súas programacións os distintos recursos para avaliar a mellora na competencia lectora. Dende a biblioteca escolar avaliarase:

- O funcionamento da hora de ler e os materiais empregados para levala a cabo, como as Mochilas Viaxeiras.
- As actividades desenvoltas no Plan.
- Os avances do alumnado canto a hábitos lectores.
- O emprego da biblioteca por parte do alumnado, así coma o éxito obtido grazas aos distintos títulos ofertados.

7 ANEXO: LECTURAS POR NIVEIS

As lecturas que se realizarán nas distintas etapas educativas son as que se detallan a continuación:

7.1 INFANTIL:

¿De qué color es un beso? Rocio Bonilla
La montaña de libros más alta del mundo, de Rocío Bonilla
Un libro, de Hervé Tullet
Colores, de Hervé Tullet
La danza de las manos, de Hervé Tullet
¡Oh! Un libro de sonidos, de Hervé Tullet
¿Jugamos?, de Hervé Tullet
El hilo invisible, de Miriam Tirado
Monstruo Azul, de Olga de Dios
Rana de tres ojos, de Olga de Dios
Leotolda, de Olga de Dios
En familia, de Olga de Dios
Pájaro amarillo, de Olga de Dios
Busca, de Olga de Dios
Monstruo Rosa, de Olga de Dios
¿Qué bigotes me pasa?, de Olga de Dios
¿Puedo mirar tu pañal?, de Guido Van Geneenten
La rebelión de las verduras, de David Aceituno e Daniel Montero
Guapa, de Harold Jiménez Canizales
Malena Ballena, de Davine Cali
¿Dónde están los peces?, de Brendam Kearney
Aquatika
El dedo en la nariz, de Gómez
Imos a cazar un oso, de Michael Rosen e Helen Oxenbury
A que sabe a lúa, de Michael Grejniek
Por cuatro esquinitas de nada, de Jérôme Ruillier
Isto non é unha selva, de Susanna Isern e Rocío Bonilla
Salvador Dalí píntame un sueño, de Montse Gisbert.
Descubriendo a Mondrian, de Tatiana Sánchez.
Soy un artista, de Marta Altés

El sueño de Matías, de Leo Lionni
Las tijeras de Matisse, de Jannette Winte

7.2 PRIMARIA

1º Ciclo	1º: <i>E ti que farías por min?</i>, de Fina Casalderrey 2º: - <i>Mariña e o balón</i> de Pere Tobaruela - <i>Elmer</i>, de David McKee - <i>Monstruo de colores</i>, de Anna Llenas
2º Ciclo	<i>Esta é a miña historia e terás que crela</i>, de Érika Esmorís Lecturas diversas en E-LBE
3º Ciclo	Clásicos : - <i>Andanzas de don Quijote y Sancho</i>, de Concha López Narváez - <i>Fábulas completas</i>, de Esopo Poesía: - <i>Lendo lendas, digo versos</i>, de Antonio García Teijeiro. - <i>Bichopoemas</i>, de Leire Bilbao - <i>Tacón, punta, tacón</i>, de Anxo Iglesias Narrativa: - <i>La muy catastrófica visista al zoo</i>, de Jöel Dickers. - <i>Los diarios De Cereza</i>, de Joris Chamblain e Aurélie Neyret. - <i>El Principito</i>, de Antoine de Saint- Exupéry - Libros adaptados de García Lorca e Gloria Fuertes. - <i>Unha veciña de película</i>, de Iria Misa - <i>Alma de elefante</i>, de Andrea Maceiras Conmemoracións: Día 25 N: <i>As mulleres que cultivaban néboas</i>, de Bea Gregores Día de Rosalía: - <i>O sombreiro de Murga</i>, de Manuel Lorenzo Baleirón. Ilustracións de Bea Gregores. - <i>Antología poética Miña casiña, meu lar</i>, de Rosalía de Castro. Selección Elsa Baluja. Día da non violencia e a Paz: <i>Bicos e non balas</i>, de Antonio García Teijeiro.

	8M/ Igualdade: - <i>Feminino singular, en plural</i>, de Concha Blanco - <i>Descubre todo tu poder</i>, de Jamia Wilson - <i>Niñas que imaginaron lo imposible (y lo consiguieron)</i>, de Tony Amago. Aspectos socioemocionais: - <i>¿Qué le pasa a Nicolás?</i>, de Juana Cortés, ilustracións de Raquel Díaz Reguera - <i>¿Qué le pasa a Uma?</i> Texto e ilustracións de Raquel Díaz Reguera. - <i>La lección de August</i>, de Raquel Palacio. <i>Nota: Esta listaxe pode verse incrementada con máis títulos, segundo a demanda do proceso de ensino aprendizaxe deste curso.</i>
--	---

7.3 SECUNDARIA

1ºESO	Bioloxía e Xeoloxía: <i>As flores radioactivas</i>, de Agustín Fernández Paz Educación Plástica e Audiovisual: <i>As aventuras de Laxeiro</i> Francés: <i>Bon Anniversaire</i> Lingua castelá: - <i>Mitos griegos</i>. Edición de María Angelidou en Vicens-Vives. - <i>El secreto del espejo</i>, de Ana Alcolea - Pendente de determinar. Lingua galega: - <i>Cartas de inverno</i>, de Agustín Fernández Paz - <i>Viaxe aos Ancares</i>, de Xosé Lois Ripalda - <i>Os megatoxos</i>, de Anxo Fariña - <i>Unha presa de terra</i>, de Marilar Aleixandre (lectura dentro da aula). 1ª e 2ª avaliacións - <i>Conto Gallego</i>, de Rosalía de Castro (lectura teatralizada dentro da aula). 1ª avaliación - <i>A estrela Volarina na torre Coralina</i> (lectura teatralizada dentro da aula). 2ª avaliación - <i>A mansión dos Pampín</i>, de Miguelanxo Prado (cómic, lectura dentro da aula). 3ª avaliación Matemáticas: <i>El asesinato del profesor de matemáticas</i>, de Jordi Sierra i Fabra Portugués: - <i>O gigante egoísta</i>, de Oscar Wilde - <i>O príncipe feliz</i>, de Oscar Wilde Proxecto competencial: <i>Palabras de Caramelo</i>, de Gonzalo Moure Relixión: Selección de fragmentos escollidos pola docente
2ºESO	Francés: <i>La classe des confessions</i>. Lingua e literatura castelá:

	- <i>Caperucita en Manhhatan</i>, de Carmen Martín Gaité. - <i>Poesía para gorriones</i>, de J. R. Barat. - <i>La sima del diablo</i>, de Heinz Delam. Lingua e Literatura galega: - <i>Poetízate</i>, de Fran Alonso - <i>Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta</i>, de Leticia Costas - <i>O achado do castro</i>, de Manuel Núñez Singala Matemáticas: <i>Los diez magníficos</i>, de Anna María Cerasoli Portugués: - <i>O conto da ilha desconhecida</i>, de José Saramago (lectura dentro da aula). - <i>Os piratas</i>, de Manuel Antonio Pina (lectura teatralizada dentro da aula). Proxecto competencial: <i>A filla do espantallo</i>, de María Gripe Relixión: Selección de fragmentos escollidos pola docente
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía: <i>Os nenos da varíola</i>, de Maríal Solar Educación Plástica e Audiovisual: <i>Frida Kahlo</i>, de María Alejandra Giraldo Benjumea Francés: <i>Le beau mensonge</i> Lingua e literatura castelá: - <i>El conde Lucanor</i> (selección de cuentos), de Don Juan Manuel, ed. Vicens-Vives. - <i>El Lazarillo de Tormes</i>, ed. Vicens-Vives. - <i>La Celestina</i>, de Fernando de Rojas, ed. adaptada Lingua e Literatura galega - <i>Iridium</i>, de Francisco Castro - <i>Masculino singular</i>, de Carlos Negro - <i>Unha primavera para Aldara</i>, de Teresa Moure Matemáticas: <i>Míster cuadrado</i>, de Anna Cerasoli Portugués: <i>O fantasma de Canterville</i>, de Oscar Wilde Titoría: - <i>Invisible</i>, de Eloy Moreno - <i>Redes</i>, de Eloy Moreno - <i>Que me pare o corazón se te esquezo</i>, de Andrea Maceiras Relixión: Selección de fragmentos escollidos pola docente
4º ESO	Ámbito lingüístico e social (4º C): - <i>Tristes armas</i>, de Marina Mayoral. - <i>La casa de Bernarda Alba</i>, de Federico García Lorca. - Pendente de determinar. Francés: <i>Esther</i> Lingua e Literatura castelá: - <i>El indulto y otros cuentos</i> (selección de contos), de E. Pardo Bazán. - <i>Bodas de sangre</i> e <i>La casa de Bernarda Alba</i>, de Federico García Lorca - <i>Crónica de una muerte anunciada</i>, de G. G^a Márquez ou unha selección de relatos elaborada polo docente. Lingua e Literatura galega: - <i>Retrincos</i> e <i>Un ollo de vidro</i>, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

- | | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">- <i>O crepúsculo e as formigas</i>, de Xosé Luís Méndez Ferrín- <i>Ana e as súas irmás</i>, de Álex Mene |
|--|--|

Relixión: Selección de fragmentos escollidos pola docente

Titoría:

- *I'm Obélix*, de Raquel Fernández
- *Xa non estou aquí*, de Iria Misa
- *Nave*, de Olaia Sendón